

## **Intervención de Ismael Rego no Pleno de peche do ano de conmemoración do 25º aniversario do Parlamento galego**

Señor presidente da Xunta de Galicia, membros do Goberno, autoridades e representacións que nos acompañan, especialmente permítanme que salude aos ex presidentes do Parlamento de Galicia e da Xunta de Galicia e ás deputadas e deputados, ex deputadas e ex deputados deste Parlamento, no nome das deputadas e deputados do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Queremos trasladarlles un saludo moi especial tamén a todos os galegos e a todas as galegas, que verán este acto de conmemoración do Parlamento de Galicia a través da televisión e a radio, e tamén a través de Internet.

Queremos facelo especialmente aos galegos e galegas que temos espallados polo mundo. Seguro que hoxe se sinten orgullosos de que Galicia poida conmemorar o XXV aniversario do espazo de liberdade e democracia que representa o seu Parlamento.

Felicitación á presidenta e á Mesa do Parlamento polo acerto, sinxeleza, brillantez e creatividade que representaron e representan os actos celebrados ao longo deste ano de conmemoración, que recollen as ensinanzas do pasado para afondar, a través do diálogo, nun forte compromiso co presente e co futuro de Galicia: dende o diálogo coa igualdade, dende o diálogo coa identidade, cos movementos migratorios, co medio ambiente, coa participación cidadá, coas novas tecnoloxías, coa Galicia de hoxe e coa Galicia do futuro que todos queremos.

Falo das ensinanzas do pasado, señorías, porque esta Cámara deu os seus primeiros pasos apoiada no diálogo e no consenso, como demostran as grandes leis que sustentan todo este entramado institucional da nosa Comunidade que foron aprobadas pola unanimidade deste Parlamento. Falo da Lei electoral de Galicia, falo da Lei de normalización lingüística, falo da Lei do recoñecemento da galegidade, falo da Lei de símbolos de Galicia, da de creación do Valedor do Pobo, da de creación do Consello de Contas, da do Consello da Xuventude de Galicia, da de compilación do dereito civil de Galicia, da de iniciativa

lexislativa popular, da de ordenación do sistema universitario de Galicia, falo de poñentes para o diálogo en torno a estas leis como o señor Ceferino Díaz, o señor Barreiro Rivas, o señor Guerreiro, o señor Ramón Piñeiro, o señor Nogueira Román, Pardo Montero, Sánchez Presedo, Pérez Vidal, Iglesias Corral, Miras Portugal, Vázquez Portomeñe, Carro Fernández-Valmayor, e outros moitos que traballaron polo diálogo e polo consenso neste Parlamento e que deron como fruto leis tan relevantes para a nosa Comunidade, señoría.

Moitos destes consensos mantéñense hoxe, outros foron rachados e haberá que recuperalos. Pero do que non cabe dúbida ningunha é de que constitúen importantes leccións para o presente e o futuro de Galicia.

A actual lexislatura comezou co compromiso do presidente da Xunta en torno ao diálogo e ao consenso, e para que o Parlamento ocupase a centralidade da vida política de Galicia. Hoxe hai mostras claras, señorías, dese compromiso no comportamento do presidente e do seu Goberno co Parlamento e coas forzas políticas que o compoñen. Esa é, dende logo,

señorías, a folla de ruta seguida polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia: a do diálogo e a do consenso.

Os resultados, que os hai, como saben ben, están á vista, e só foron posibles cando o resto dos grupos tiveron a mesma actitude en leis e iniciativas de impulso e o foi de xeito habitual. Polo tanto, o mérito deberemos de atribuírnolo a todos, ao Goberno especialmente, que o impulsou, pero todos soubemos estar á altura destas circunstancias durante este ano e medio que levamos de lexislatura. A Lei de transparencia, a do dereito civil de Galicia, a de fundacións, a de horarios comerciais, a do libro e algunhas outras dan boa mostra do consenso e do diálogo establecido en torno a el.

O Parlamento acercouse aos cidadáns e estes tamén ao Parlamento, mesmo traendo e defendendo nesta Cámara unha iniciativa lexislativa popular sobre un tema de tanta transcendencia como a protección dos nosos ríos, que foi tomada en consideración e, como saben, posteriormente aprobada por unanimidade.

A gran cuestión pendente, señorías, que sen dúbida é unha asignatura que a madurez da institución e das forzas políticas que hoxe compoñemos a Cámara fará –estou seguro– que a aprobemos coa nota que os galegos e as galegas esperan de nós, é a reforma do Estatuto de autonomía. Seguro que o vamos a facer.

Espero que unha nova xeneración de galegos poida, dentro doutros vinte e cinco anos, facer unha conmemoración cun balance cando menos tan rico e satisfactorio para a convivencia e modernización de Galicia como o que acabamos de pechar nesta data.